

DANZAEÑE

PRIMEIRA MOSTRA DE DANZA CONTEMPORÁNEA ESPAÑOLA PARA PROGRAMADORES INTERNACIONAIS 2017

Fundación SGAE pon en marcha a primeira edición de **DanzaEñe**. Esta iniciativa ten como obxectivo a internacionalización, nesta convocatoria, da danza contemporánea española e está dirixida a coreógrafos socios de SGAE. A mostra celebrarase os días 31 de outubro, 1 e 2 de novembro de 2017 no Teatro Español de Madrid.

Por este motivo, Fundación SGAE abre unha convocatoria pública dirixida a:

- Todos os coreógrafos socios de SGAE.
- Compañías de danza contemporánea española que, non tendo entre os seus integrantes ningún coreógrafo socio de SGAE, utilicen repertorio coreográfico rexistrado en SGAE no 100% das súas representacións. O máximo de integrantes da compañía debe de ser de cinco persoas.

Os obxectivos deste programa son: promover de forma directa a danza española, incentivar a participación de compañías españolas de danza en festivais, promover xiras internacionais para coreógrafos de SGAE e favorecer os encontros e o intercambio de experiencias e coñecemento entre profesionais do sector (coreógrafos, artistas, representantes, programadores, directores de festivais, etc.) de España e do resto de Europa.

Durante estes días, os coreógrafos e as compañías de danza contemporánea española ofreceranlle representacións coreográficas, cunha duración mínima de 30 minutos e máxima de 40 minutos, ao público asistente, do que formarán parte diferentes directores e programadores de festivais europeos interesados en coñecer a realidade da danza española. Ademais, organizaranse encontros entre directores de festivais e programadores de danza europeos, convidados por Fundación SGAE, e representantes de coreógrafos e compañías. Nesta edición colabora coa mostra o Teatro Español de Madrid.

BASES

1 Solicitantes

A inscrición poderán presentala:

- Os coreógrafos socios de SGAE, quer directamente ou a través do seu representante legal, entendéndose para estes efectos axencias de representación, distribución, etc. que estean debidamente acreditadas e que presenten a solicitude en nome e representación do coreógrafo.
- Un dos membros da compañía de danza que non teña entre os seus integrantes ningún coreógrafo socio de SGAE pero que utilice repertorio coreográfico de SGAE no 100% das súas representacións. As solicitudes poden ser presentadas quer directamente pola compañía de danza ou a través do representante legal da compañía de danza, entendéndose como tal as axencias de representación, distribuidoras, etc. que estean debidamente acreditadas.

2 Requisitos

As obras que se presenten á mostra deberán ter un formato que permita a súa montaxe e desmontaxe nun tempo máximo de quince minutos.

Cada coreógrafo ou compañía de danza que reúna os requisitos sinalados no punto primeiro poderá presentar ata un máximo de tres obras coreográficas, pero o Comité de Avaliación só poderá seleccionar unha de entre as varias obras presentadas por un mesmo solicitante.

Os interesados deberán adaptarse ás características técnicas da sala onde se farán as representacións no caso de seren seleccionados. Igualmente, deberán axustarse ás instrucións que reciban da organización (tempos,

horarios, montaxe, equipos técnicos, etc.). Os interesados en coñecer as características técnicas da sala do Teatro Español onde se representarán as obras seleccionadas poderán poñerse en contacto con Fundación SGAE para solicitar a ficha técnica da sala.

Serán de conta exclusiva de Fundación SGAE todas as decisións relativas á escenografía das representacións, así como todo o referente ao gasto que Fundación está disposta a asumir, consonte os seus orzamentos, nas ditas escenografías.

3 Solicitud e documentación

As solicitudes deberán cursarse, en calquera lingua oficial do Estado Español, a través do sistema *en liña* habilitado a tal efecto na web de Fundación SGAE www.fundacionsgae.org, coa seguinte documentación:

- Formulario *en liña* de solicitud debidamente cuberto, anexando a este a seguinte documentación:
 - Fotocopia do NIF / NIE / CIF/ Pasaporte do solicitante, en vigor.
- No caso de que o representante ou a compañía de danza teña forma de persoa xurídica (sociedade limitada, sociedade anónima, sociedade civil, asociación, fundación, etc.), as escrituras e demais documentación esixida en Dereito para acreditar que as persoas que actúan no seu nome e dereito teñen facultades vixentes para iso (administradores das sociedades, apoderados, etc).
- No caso de que a solicitud sexa presentada por un representante legal, esixírase quer copia do contrato de representación vixente co coreógrafo ou compañía de danza ou unha autorización asinada polo coreógrafo ou compañía de danza na que se faculte o representante para solicitar no seu nome a participación en **DanzaEñe**. (Anexar no apartado de documentación adicional).
- Autorización expresa do coreógrafo ou dos artistas que compoñen a compañía de danza para que Fundación SGAE poida usar os seus datos de carácter persoal na xestión deste proxecto. (Anexar no apartado de documentación adicional).

- CV do coreógrafo ou traxectoria da compañía que inclúa referencias a plataformas *en liña* onde poder ver traballos previos. A proposta coreográfica debe ser a do proxecto que se desexe presentar en **DanzaEñe** e incluír toda a información detallada dos participantes propostos, dos repertorios que se interpretarán e do traballo específico que se desexa internacionalizar a través desta participación. Só poderán admitirse propostas coreográficas cun máximo de cinco integrantes por compañía.
- Ligazón a vídeo coa obra que se presenta a **DanzaEñe** co seu correspondente contrasinal para a súa visualización privada

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 30 de xuño de 2017 e manterase aberto ata o 2 de setembro de 2017.

4 Procedemento de selección

Un Comité de Avaliación, designado por Fundación SGAE e formado por profesionais do sector da danza, programadores, así como representantes institucionais e profesionais da xestión cultural, será o encargado de avaliar e seleccionar os coreógrafos e as compañías que participarán en **DanzaEñe**.

Elaborarase unha listaxe de seleccionados e de suplentes (esta última non se fará pública), co fin de garantir a selección en caso de renuncia dos primeiros.

Logo de realizada a selección, Fundación SGAE porase en contacto cos coreógrafos e/ou as compañías de danza seleccionados co fin de verificar, confirmar e constatar a súa dispoñibilidade para participar nas datas e nos lugares de realización de **DanzaEñe**.

No caso de que haxa seleccionados que non teñan dispoñibilidade para participar, procederase a contactar os coreógrafos e/ou as compañías de danza que fosen designados como suplentes polo Comité de Avaliación.

A resolución do comité será inapelable e farase pública ao longo do mes de setembro de 2017.

Tras a publicación da resolución dos seleccionados, estes deberán facilitar, nun prazo máximo de cinco días hábiles, a lista cos datos de cada un dos artistas membros da compañía co fin de confeccionar os oportunos contratos de representación. A falta de entrega en prazo dos datos sinalados será motivo de perda do dereito á participación obxecto desta convocatoria.

5 Criterios de avaliación

O Comité avaliará todas as solicitudes admitidas atendendo aos CV, á traxectoria do coreógrafo ou a compañía e á demais documentación facilitada, valorando a orixinalidade, a creatividade e a viabilidade do proxecto.

Seleccionaranse un máximo de doce obras

6 Obrigas de Fundación SGAE

Fundación SGAE asumirá, ben de forma directa ou a través dos seus colaboradores:

- A xestión e os gastos de viaxe e aloxamento de todos e cada un dos membros que compoñen as compañías de danza que resultasen seleccionadas.
- A xestión e os gastos de produción das actuacións coreográficas, dentro dos límites orzamentarios cos que conta Fundación SGAE para este proxecto.
- Fundación SGAE aboaralles 200 € (máis IVE) a cada un dos coreógrafos seleccionados e a cada un dos membros integrantes das compañías de danza seleccionadas, ata un máximo de cinco integrantes por compañía, en concepto de honorarios pola representación artística, logo da subscripción do correspondente contrato de representación. O pagamento realízase mediante transferencia bancaria á conta corrente que teña aberta ao seu nome cada coreógrafo ou cada membro da compañía que resultase seleccionado, logo de presentación de factura legal que reúna todos requisitos legais esixidos pola normativa actual vixente.

No caso de que facture a compañía que represente o coreógrafo ou compañía de danza, Fundación SGAE aboalle o importe total que corresponda á suma do total do número de participantes da compañía en **DanzaEñe**. A empresa de representación será a única responsable de garantir a realización de todas as xestións de contratación dos artistas, asumindo o pagamento das cantidades aboadas por Fundación SGAE aos artistas e comprometéndose ao cumprimento de todas as obrigas laborais, fiscais ou de calquera outro tipo que isto implique.

7 Normas xerais

- Os participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual en España, na que puidesen incorrer coas obras presentadas.
- Polo feito de concorreren a esta convocatoria, os autores e compañías participantes aceptan integramente estas Bases.
- Fundación SGAE non adquire, en virtude desta convocatoria, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, en relación coa realización e desenvolvemento deste proxecto, distinta da detallada neste documento.
- En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como os organizadores do proxecto deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid Capital, España, e considerárase como oficial o texto en castelán

8 Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que as partes fornezan na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros nin utilizada para fins distintos dos establecidos, agás as excepcións establecidas pola lexislación vixente.

Os datos que voluntariamente faciliten os solicitantes incorporaranse a un ficheiro, cuxo responsable é Fundación SGAE, que será notificado ao Rexistro Xeral de Protección de Datos da AEPD. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. Fundación SGAE supón que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.